

SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL

Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE
VIGO



INFORME PROPOSTA CON RESOLUCIÓN

Expte: 1763/1102

Asunto: [solicitud de acceso a información pública](#)

En data 08.10.2024 Dna [REDACTED] solicita acceso a información relativa a obtención de copia dos exames tipo test exercicios e supostos prácticos correspondentes as oposicións convocadas para o posto de subalerno nas distintas convocatorias anteriores al 2024 del Concello de Vigo.

En data 17.10.2024 , previa solicitud, emítase informe da Área de RRHH e Formación no que sinala que "a *solicitud ven formulada de xeito excesivamente xenérico, sen precisar nin acotar temporalmente os exames que solicita.*

No presente caso, e dado que non todos os procesos selectivos están dixitalizados, e tampouco existe un arquivo ordenado con todos os exames por categorías, para facilitar o acceso a documentación solicitada, sen acotar o tempo, sería preciso acudir a diversas fontes para a recopilación dos mesmos o que paralizaría a actividade diaria da área de RRHH e "Formación"

O artigo 19.2 da LTAIBG determina que cando a solicitud non identifique de forma suficiente a información, pedirase ao solicitante que a concrete nun prazo de dez días, con indicación de que, en caso de non facelo, terásele por desistido, así como da suspensión do prazo para ditar resolución.

En data 23.10.2024 requiriuse a Dna [REDACTED] para que no prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte a notificación aclarase a súa petición e concretase o período temporal ao que se refire a súa solicitud.

Transcorrido o prazo conferido non consta no expediente a presentación de escrito aclaratorio respecto da información solicitada polo que procede ter desistida a Dna [REDACTED] da súa petición.

Polo exposto fórmase a seguinte **PROPOSTA**

PRIMEIRO.- Ter desistida a Dna [REDACTED] da súa solicitud de acceso a información.

SEGUNDO.- Notificar a solicitante indicándolle que contra a resolución de acceso a información pública que pon fin á vía administrativa poderán interpoñerse os recursos

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/12/2024 11:49	Páxina 1 de 2
1763-1102	[REDACTED]	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SECRETARÍA GOBERNO LOCAL

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

CONCELLO DE VIGO



ou reclamacións que a continuación se indican:

a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.

b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente”.

A Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, Dona. Patricia Rodriguez Calviño (Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023 modificada por Resolución de data 28.06.2024 e Resolución de delegación específicas de data 28.06.2024, BOP nº 129 de data 9.07.2024)

Dou fe, a Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

Copia do documento - Concello de Vigo Data impresión: 16/12/2024 11:49 Páxina 2 de 2

1763-1102

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>